



**Concello da Laracha**  
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: ESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN ÁS BASES E CONVOCATORIA ORIENTADOR/A LABORAL

EXPEDIENTE: 2023/G003/001202

### ANTECEDENTES:

Por resolución de Resolución da Alcaldía núm. 1069/2013, do 23 de agosto, aprobáronse as bases de selección para a provisión, en réxime laboral temporal, dunha praza de orientador/a prospector/a laboral para a execución do programa “orientación laboral 2023”

O día 28/08/2023 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña a convocatoria do proceso selectivo descrito.

Advírtese erro en canto ás titulacións de acceso e ao así como o tema 4 do Bloque II do temario que fai referencia a unha orde de subvención do ano 2023, o cal é corrixido por Resolución da Alcaldía núm. 1095 do 29 de agosto.

Con data 01/09/2023, o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, presenta recurso de reposición ás bases aprobadas, solicitando a inclusión da titulación de Traballo Social como titulación de acceso, así como a suspensión do acto que se recorre.

Vista argumentación esgrimida polo Colexio Oficial, concretamente a Sentenzas nº 732/2017 do 28 de Abril de 2017 e do 25 de abril de 2016 da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, onde recolle xurisprudencia consolidada do Alto Tribunal, que se resume no seguinte parágrafo: “Non pode partirse do principio dunha rigorosa exclusividade a propósito da competencia dos profesionais técnicos, nin se poden reservar por principio ámbitos excluíntes a unha profesión, e aínda cando cabe a posibilidade de que unha actividade concreta poida atribuírse, pola súa especificidade, aos profesionais directamente concernidos, esta posibilidade debe ser valorada restritivamente, tendo en conta que a regra xeral segue sendo a de rexeitamento desa exclusividade, pois a xurisprudencia declarou con reiteración que fronte ao principio de exclusividade debe prevalecer o de liberdade con idoneidade, xa que, ao existir unha base de ensinos comúns entre algunhas ramas de ensinos técnicos, estas dotan aos seus titulados dun fondo - 3 - igual de coñecementos técnicos que, con independencia das distintas especialidades, permiten o desempeño de postos de traballo nos que non sexan necesarios uns determinados coñecementos senón unha capacidade técnica común e xenérica que non resulta da titulación específica obtida senón do conxunto dos estudos que se seguiron”





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Levantar a suspensión do procedemento solicitada no recurso de reposición, admitir a trámite e estimar o recurso presentado polo Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia contra a Resolución da Alcaldía núm. 1069/2013, do 23 de agosto (e corrección por Resolución da Alcaldía núm. 1095, do 29 de agosto).

SEGUNDO.- Engadir nas bases que rexen o proceso a titulación de Traballo Social como titulación de acceso.

TERCEIRO.- Engadir dous días hábiles máis ao prazo de presentación de instancias, que inicialmente remataba o día 11/09/2023 (tendo en conta que o día 08/09/2023 é festivo local).

CUARTO.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello.

QUINTO.- Notificar este acordo ao Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.

Asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Marta Vázquez Garea, dou fe.

